

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 18 de febreiro de 2013 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2012 nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, está a levar adiante unha política de asistencia económica ao alumnado que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Un dos obxectivos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a promoción, desenvolvemento e mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia. Iso implica tamén apreciar e incentivar a excelencia académica dos seus estudantes como aposta de futuro do noso país.

Por todo isto e como recoñecemento ao esforzo, traballo e dedicación do alumnado que remata os estudos universitarios cunha excelente traxectoria académica, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto, beneficiarios e compatibilidade da convocatoria

1. O obxecto desta convocatoria é conceder un premio coa finalidade de facer un recoñecemento expreso, de carácter oficial, aos estudantes que remataron con brillantez, no curso académico 2011/12, os estudos cursados nas universidades do Sistema Universitario de Galicia conducentes aos títulos de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.



2. Poderán ser beneficiarios os estudantes de cada unha das diferentes titulacións oficiais impartidas no SUG que, contando no seu expediente académico completo coa mellor nota media, remataron os estudos universitarios conducentes aos títulos recollidos na Lei de reforma universitaria (LRU) ou aos seus equivalentes de grao que os substitúen.

3. Estes premios son compatibles con outras bolsas e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 2. *Orzamento*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financiará estas bolsas con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, cunha contía global de 150.000 euros, sen prexuízo de poder ser incrementada de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería.

Artigo 3. *Contía*

Concederáselle un premio, en concorrencia competitiva, por cada unha das distintas ensinanzas universitarias oficiais impartidas no Sistema Universitario de Galicia conducentes aos títulos LRU (licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico) ou aos seus equivalentes de grao que os substitúan (véxase táboa de equivalencias adherida a esta orde) ao alumno ou alumna con mellor expediente académico de entre os que se inscriban mediante a instancia formulada segundo o modelo que se inclúe como anexo I a esta orde.

Os solicitantes que resulten premiados recibirán:

- Unha contribución en metálico de 2.500 euros.
- Un diploma acreditativo desta distinción.

Artigo 4. *Período*

As actividades que se premian nesta convocatoria son os estudos rematados no curso académico 2011/12, que, para efectos desta orde, se entenderá o período comprendido entre o 1 de setembro de 2011 e o 30 de setembro de 2012.



Artigo 5. *Requisitos*

Poderán solicitar estas axudas os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Teren cursado integramente os estudos da titulación universitaria pola que opta ao premio nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

b) Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 8,50 puntos, para alumnos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias, e Ciencias da Saúde; e 7,50 puntos, para alumnos da rama de Enxeñaría e Arquitectura. Nota media calculada de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito o 27 de xuño de 2011, entre esta consellería e as universidades galegas.

c) En ningún caso o 1º ciclo dunha titulación de LRU poderá servir de base para a concesión de máis dun premio fin de carreira.

d) Aqueles alumnos que xa obtiveron un premio fin de carreira da Comunidade Autónoma en anteriores convocatorias, non poderán obtelo de novo.

Artigo 6. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes serán subscritas directamente polas persoas interesadas ou por persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes. Se a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo persoal de Correos antes de que proceda á súa certificación postal. Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

3. O formulario da solicitude, correspondente co modelo normalizado ED415A que se publica como anexo I a esta orde, e a declaración responsable necesaria que se publica como anexo II, estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, para a súa presentación electrónica completa.



4. Para a presentación na sede electrónica do devandito formulario e da declaración responsable admitiranse o DNI electrónico ou calquera outro sistema de sinatura electrónica aceptado pola sede, da persoa solicitante ou representante legal.

5. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios e da súa presentación, poderán facer as súas consultas ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico 012@xunta.es

En caso de dúbida en relación coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico orientacion.sug@edu.xunta.es

6. No suposto de que a persoa solicitante non dispoña do sistema de sinatura aceptado pola sede electrónica, admítense igualmente a presentación da solicitude e da declaración responsable en formato papel una vez cubertos os formularios en formato PDF dispoñibles na sede en todos os seus campos, sen engadir novos datos, emendar, variar ou riscar o seu formato orixinal; presentándoos, asinados, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, dirixidos á Secretaría Xeral de Universidades (Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela); ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, para a presentación de instancias.

Artigo 7. *Documentación que hai que presentar*

1. A solicitude (anexo I, modelo normalizado ED415A) e a declaración responsable (anexo II, na cal a persoa solicitante debe indicar se ten ou non solicitada ou concedida outro tipo de bolsa ou axuda para a mesma finalidade perante as administracións públicas ou outros entes públicos) presentaranse na sede electrónica da Xunta de Galicia xunto coa seguinte documentación:

a) Copia dixitalizada da certificación académica completa emitida pola universidade correspondente, na cal se fará constar a nota media do expediente académico, obtida de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito, con data do 27 de xuño de 2011, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, publicado no DOG o día 30 de setembro de 2011 por Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



Os alumnos que estean cursando estudos de 2º ciclo (licenciado, arquitecto e enxeñeiro) por accederen desde unha titulación de 1º ciclo ou desde o 1º ciclo doutra titulación, deberán enviar ademais unha copia dixitalizada da certificación académica relativa ao primeiro ciclo realizado. Igualmente, os alumnos que estean cursando estudos oficiais de grao por accederen desde unha titulación de primeiro ou primeiro e segundo ciclo, deberán presentar unha copia dixitalizada da certificación académica completa na que se inclúa o recoñecemento dos créditos das materias cursadas nestes.

b) Copia dixitalizada do título universitario oficial español ou documento que legalmente o substitúa.

No suposto de que a persoa solicitante non dispoña do sistema de sinatura aceptado pola sede electrónica, para a presentación dixitalizada da certificación académica ou do título, admitirase, igualmente, a presentación da certificación académica orixinal ou do título, ou copia compulsada deles, en formato papel, presentándoos nos mesmos termos establecidos no punto 6 do artigo anterior.

Artigo 8. *Tramitación*

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes expóranse no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es as listaxes provisionais das solicitudes admitidas e das excluídas, sinalando os motivos de exclusión; tamén se poderán consultar nas xefaturas territoriais da citada consellería e nos vicerreitorados de estudantes das tres universidades galegas.

2. Os interesados disporán dun prazo de reclamación de dez días, podendo, durante ese prazo, formular reclamación ou emendar erros e falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado desiste da súa petición, e procederase ao seu arquivamento de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992.

Artigo 9. *Comisión avaliadora*

1. A selección dos candidatos será realizada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente/a: o titular da Secretaría Xeral de Universidades ou, por delegación, a persoa titular da Subdirección Xeral de Universidades.



O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos estudantes universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Secretario/a: a xefa de Sección de Apoio aos estudantes universitarios da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

2. A comisión avaliadora, para o exercicio das súas funcións, poderá contar co asesoramento de representantes das universidades galegas en calidade de expertos na materia obxecto da convocatoria.

3. Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da Secretaría Xeral, ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 10. *Selección*

A selección será realizada pola comisión avaliadora en atención á cualificación da media do expediente máis alta obtida polo/a alumno/a en cada unha das titulacións distintas LRU (licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico), ou as correspondentes titulacións de grao que as substitúen, implantadas no Sistema Universitario de Galicia, segundo a táboa de equivalencias adherida a esta orde.

No caso de que unha titulación de grao substituíse nas universidades do SUG máis dunha titulación LRU, recibirán o premio estes titulados sempre que conten cunha puntuación superior á do título de grao que os substitúe. En caso contrario, é dicir, se a nota media da titulación de grao é superior á dunha titulación LRU substituída, recibirá o premio a titulación de grao quedando excluída a titulación LRU con menor nota.

Se a unha titulación LRU a substitúen unha ou máis titulacións de grao, aínda que teñan denominacións distintas, recibirá o premio a de maior media delas.

Esta cualificación farase tendo en conta a nota media calculada cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito, con data do 27 de xuño de 2011, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

En caso de empate na nota media do expediente académico entre varios solicitantes, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: menor número de suspensos; de persistir o empate, maior número de matrículas de honra; de persistir o empate, maior número de sobresalientes; de persistir o empate, maior número de notables.



Artigo 11. *Resolución*

1. Efectuada a selección pola comisión avaliadora, esta elevará un informe-proposta de adxudicación á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a resolución correspondente cunha relación de persoas premiadas por titulación e outra de solicitudes excluídas coas causas de exclusión.

2. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, que comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Ao vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, os interesados deberán entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

Artigo 12. *Pagamento*

O aboamento dos premios convocados nesta orde realizarase de acordo co estipulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co previsto no último parágrafo da alínea 1ª do artigo 60 do Regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Farase un pagamento único do premio concedido, que se aboará na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a.

Disposición adicional primeira

A presentación da solicitude de concesión do premio comportará autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como ás sancións impostas, cando proceda.



b) A reserva que o peticionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros que, en todo caso, terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

c) De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposición adicional segunda

Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional terceira

A obtención do premio falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que impedirían a súa concesión constituirá causa determinante de revogación do premio e do seu reintegro polo beneficiario, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coa tramitación establecida no artigo 77 e seguintes do regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 9 de xaneiro.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o titular da Secretaría Xeral de Universidades para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda

Contra esta orde poderase interpoñer, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente un recurso



contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira terceira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2013

Jesús Vázquez Abad
 Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Táboa de equivalencias

| Grao | Título (denominación anterior) | Univ. |
|--|---|-------|
| Relacións Laborais e Recursos Humanos | Diplomatura en Relacións Laborais | USC |
| Administración e Dirección de Empresas | Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas | USC |
| Ciencia Política e da Administración | Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración | USC |
| Comunicación Audiovisual | Licenciatura en Comunicación Audiovisual | USC |
| Dereito | Licenciatura en Dereito | USC |
| Economía | Licenciatura en Economía | USC |
| Matemáticas | Licenciatura en Matemáticas | USC |
| Pedagogía | Licenciatura en Pedagogía | USC |
| Xeografía e Ordenación do Territorio | Licenciatura en Xeografía | USC |
| Xornalismo | Licenciatura en Xornalismo | USC |
| Mestre ou mestra en Educación Primaria | Mestre, especialidade en Educación Musical | USC |
| | Mestre, especialidade en Educación Primaria | |
| | Mestre, especialidade en Lingua Estranxeira | |
| | Mestre, especialidade en Educación Física | |
| Mestre ou mestra en Educación Infantil | Mestre, especialidade en Educación Infantil | USC |
| | Licenciatura en Psicopedagogía (só 2º ciclo) (Santiago de C.) | USC |
| Educación Social | Diplomatura en Educación Social | USC |
| Traballo Social | Diplomatura en Traballo Social | USC |
| Bioloxía | Licenciatura en Bioloxía | USC |
| Física | Licenciatura en Física | USC |



| Grao | Título (denominación anterior) | Univ. |
|--|--|-------|
| Nutrición Humana e Dietética | Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos | USC |
| Enfermaría | Diplomatura en Enfermaría | USC |
| Óptica e Optometría | Diplomatura en Óptica e Optometría | USC |
| Farmacía | Licenciatura en Farmacia | USC |
| Medicina | Licenciatura en Medicina | USC |
| Odontoloxía | Licenciatura en Odontoloxía | USC |
| Veterinaria | Licenciatura en Veterinaria | USC |
| Psicoloxía | Licenciatura en Psicoloxía | USC |
| Historia | Licenciatura en Historia | USC |
| Historia da Arte | Licenciatura en Historia da Arte | USC |
| Filosofía | Licenciatura en Filosofía | USC |
| Ciencias da Cultura e Difusión Cultural | Licenciatura en Humanidades | USC |
| Lingua e Literatura Modernas | Licenciatura en Filoloxía Alemá | USC |
| | Licenciatura en Filoloxía Francesa | |
| | Licenciatura en Filoloxía Italiana | |
| | Licenciatura en Filoloxía Portuguesa | |
| | Licenciatura en Filoloxía Románica | |
| Filoloxía Clásica | Licenciatura en Filoloxía Clásica | USC |
| Lingua e Literatura Galegas | Licenciatura en Filoloxía Galega | USC |
| Lingua e Literatura Españolas | Licenciatura en Filoloxía Hispánica | USC |
| Lingua e Literatura Inglesas | Licenciatura en Filoloxía Inglesa | USC |
| Enxeñaría Informática | Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas | USC |
| Enxeñaría en Xeomática e Topografía | Enxeñaría Técnica en Topografía | USC |
| Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias | Enxeñeiro agrónomo | USC |
| | Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. en Industrias Agrarias e Alimentarias | |
| Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural | Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. en Mecanización e Construcións Rurais | USC |
| | Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. Explotacións Agropecuarias | |
| | Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. Hortofruticultura e Xardinaria | |
| Enxeñaría Forestal e do Medio Natural | Enxeñeiro de Montes | USC |
| | Enxeñaría Técnica Forestal, esp. en Explotacións Forestais | |
| Enxeñaría Química | Enxeñaría Química | USC |
| Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais | Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Química Industrial | USC |
| Química | Licenciatura en Química | USC |



| Grao | Título (denominación anterior) | Univ. |
|---|---|-------|
| Enxeñaría Civil | Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, esp. en Transportes e Servizos Urbanos | USC |
| Enxeñaría Informática | Enxeñeiro en Informática | UDC |
| | Enxeñeiro técnico en Informática de Xestión | |
| | Enxeñeiro técnico en Informática de Sistemas | |
| Enxeñaría Náutica e de Transporte Marítimo | Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo | UDC |
| | Diplomatura en Navegación Marítima | |
| Enxeñaría Mariña | Licenciatura en Máquinas Navais | UDC |
| | Diplomatura en Máquinas Navais | |
| Arquitectura | Arquitecto | UDC |
| Enxeñaría de Edificación | Arquitecto técnico en Execución de Obras | UDC |
| Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto | Enxeñeiro técnico en Deseño Industrial | UDC |
| Enfermaría | Diplomatura en Enfermaría | UDC |
| Podoloxía | Diplomatura en Podoloxía | UDC |
| Fisioterapia | Diplomatura en Fisioterapia | UDC |
| Relacións Laborais e Recursos Humanos | Diplomatura en Relacións Laborais | UDC |
| Turismo | Diplomatura en Turismo | UDC |
| Terapia Ocupacional | Diplomatura en Terapia Ocupacional | UDC |
| Química | Licenciatura en Química | UDC |
| Bioloxía | Licenciatura en Bioloxía | UDC |
| Comunicación Audiovisual | Licenciatura en Comunicación Audiovisual | UDC |
| Educación Primaria | Mestre de Educación Primaria | UDC |
| | Mestre de Educación Física | |
| | Mestre de Audición e Linguaxe | |
| Educación Infantil | Mestre de Educación Infantil | UDC |
| | Licenciatura en Psicopedagogía (só 2º ciclo) (A Coruña) | UDC |
| Tecnoloxía de Enxeñaría Civil | Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos | UDC |
| Enxeñaría de Obras Públicas | Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, esp. en Construcións Cívicas | UDC |
| Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais | Enxeñaría Industrial | UDC |
| Enxeñaría Mecánica | | |
| Enxeñaría Eléctrica | Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Electricidade | UDC |
| Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática | Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Electrónica Industrial | UDC |
| Arquitectura Naval | Enxeñaría Naval e Oceánica | UDC |
| | Enxeñaría Técnica Naval, esp. en Estructuras Mariñas | |



| Grao | Título (denominación anterior) | Univ. |
|---|---|-------|
| Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque | Enxeñaría Técnica Naval, esp. en Propulsión e Servizos do Buque | UDC |
| | Enxeñaría Naval e Oceánica | |
| Educación Social | Diplomatura en Educación Social | UDC |
| Logopedia | Diplomatura en Logopedia | UDC |
| Ciencias da Actividade Física e do Deporte | Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte | UDC |
| Economía | Licenciatura en Economía | UDC |
| Administración e Dirección de Empresas | Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas | UDC |
| Ciencias Empresariais | Diplomatura en Ciencias Empresariais | UDC |
| Dereito | Licenciatura en Dereito | UDC |
| Español: estudos lingüísticos e literarios | Licenciatura en Filoloxía Hispánica | UDC |
| Galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios | Licenciatura en Filoloxía Galega | UDC |
| Inglés: estudos lingüísticos e literarios | Licenciatura en Filoloxía Inglesa | UDC |
| Socioloxía | Licenciatura en Socioloxía | UDC |
| Humanidades | Licenciatura en Humanidades | UDC |
| Información e Documentación | Licenciatura en Documentación | UDC |
| | Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación | |
| Turismo | Diplomatura en Turismo | UVIGO |
| Economía | Licenciatura en Economía | UVIGO |
| Administración e Dirección de Empresas | Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas | UVIGO |
| Consultoría e Xestión da Información | Diplomatura en Ciencias Empresariais | UVIGO |
| Comercio | | |
| Dereito | Licenciatura en Dereito | UVIGO |
| Relacións Laborais e Recursos Humanos | Diplomatura en Relacións Laborais | UVIGO |
| Educación Social | Diplomatura en Educación Social | UVIGO |
| Traballo Social | Diplomatura en Traballo Social | UVIGO |
| Educación Infantil | Mestre, especialidade de Educación Infantil | UVIGO |
| Educación Primaria | Mestre, especialidade de Educación Primaria | UVIGO |
| | Mestre, especialidade en Lingua Estranxeira | |
| | Mestre, especialidade en Educación Especial | |
| | Mestre, especialidade de Educación Física | |
| | Mestre, especialidade de Educación Musical | |
| | Licenciatura en Psicopedagogía (só 2º ciclo) (Ourense) | UVIGO |
| Ciencias da Actividade Física e do Deporte | Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte | UVIGO |
| Comunicación Audiovisual | Licenciatura en Comunicación Audiovisual | UVIGO |



| Grao | Título (denominación anterior) | Univ. |
|--|---|-------|
| Publicidade e Relacións Públicas | Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas | UVIGO |
| Dirección e Xestión Pública | Diplomatura en Xestión e Administración Pública | UVIGO |
| Bioloxía | Licenciatura en Bioloxía | UVIGO |
| Ciencias do Mar | Licenciatura en Ciencias do Mar | UVIGO |
| Química | Licenciatura en Química | UVIGO |
| Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos | Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos | UVIGO |
| Fisioterapia | Diplomatura en Fisioterapia | UVIGO |
| Enfermaría | Diplomatura en Enfermaría | UVIGO |
| Belas Artes | Licenciatura en Belas Artes | UVIGO |
| Xeografía e Historia | Licenciatura en Historia | UVIGO |
| Tradución e Interpretación | Licenciatura en Tradución e Interpretación | UVIGO |
| Linguas Estranxeiras | Licenciatura en Filoloxía Inglesa | UVIGO |
| Estudos de galego e español | Licenciatura en Filoloxía Galega | UVIGO |
| | Licenciatura en Filoloxía Hispánica | |
| Enxeñaría Informática | Enxeñeiro técnico en Informática de Xestión | UVIGO |
| | Enxeñeiro en Informática | |
| Enxeñaría Eléctrica | Enxeñeiro técnico industrial, esp. en Electricidade | UVIGO |
| Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática | Enxeñeiro técnico industrial, esp. en Electrónica Industrial | UVIGO |
| Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación | Enxeñeiro técnico de Telecomunicación, esp. en Sistemas de Telecomunicación | UVIGO |
| | Enxeñeiro técnico de Telecomunicación, esp. en Son e Imaxe | |
| | Enxeñeiro de Telecomunicación | |
| Enxeñaría Mecánica | Enxeñeiro técnico industrial, esp. en Mecánica | UVIGO |
| Enxeñaría en Química Industrial | Enxeñeiro técnico industrial, esp. en Química Industrial | UVIGO |
| Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais | Enxeñeiro industrial | UVIGO |
| Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos | Enxeñeiro de Minas | UVIGO |
| Enxeñaría da Enerxía | Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial | UVIGO |
| Enxeñaría en Organización Industrial | Enxeñeiro de Organización Industrial | UVIGO |
| Enxeñaría Agraria | Enxeñeiro técnico agrícola, esp. en Industrias Agrarias e Alimentarias | UVIGO |
| Ciencias Ambientais | Licenciado en Física | UVIGO |
| Enxeñaría Forestal | Enxeñeiro técnico forestal, esp. en Industrias Forestais | UVIGO |





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO PREMIOS FIN DE CARREIRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ALUMNADO UNIVERSITARIO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED415A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

| | | | |
|------------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE | | | |
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| ENDEREZO | | | LOCALIDADE |
| <input type="text"/> | | | <input type="text"/> |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |
| TELÉFONO | TELÉFONO MÓBIL | ENDEREZO ELECTRÓNICO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |

| | | | |
|---------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| E, NA SÚA REPRESENTACIÓN | | | |
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| | | | |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|
| ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesaria se coincide coa anterior) | | | |
| ENDEREZO | | | LOCALIDADE |
| <input type="text"/> | | | <input type="text"/> |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |
| TELÉFONO | TELÉFONO MÓBIL | ENDEREZO ELECTRÓNICO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |

| | | |
|--|---|----------------------|
| DATOS ACADÉMICOS | | |
| REMATOU OS ESTUDOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE | | |
| <input type="text"/> | | |
| UNIVERSIDADE | CURSO ACADÉMICO | CONVOCATORIA |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> / <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| | | | |
|---------------------------|--|--|---|
| DATOS BANCARIOS | | | |
| NOME DA ENTIDADE BANCARIA | | | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS) |
| <input type="text"/> | | | <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> |

| | |
|-------------------------------------|---|
| DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA | |
| <input type="checkbox"/> | Certificación académica oficial ou copia compulsada. |
| <input type="checkbox"/> | Fotocopia compulsada do título universitario oficial ou documento que legalmente o substitúa. |

| |
|----------------------|
| OBSERVACIÓNS |
| <input type="text"/> |





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I continuación

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Si Non (neste caso achegarase a documentación)

A persoa abaixo asinante fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso nalgunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10, puntos 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 18 de febreiro de 2013 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2012 nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Secretaría Xeral de Universidades



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





ANEXO II

DECLARACIÓN DAS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| | | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| ENDEREZO | | | |
| <input type="text"/> | | | |

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

| | | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

DECLARO:

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Que solicitei as seguintes axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes o sociedades

| DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO | ESTADO DA AXUDA (1) | IMPORTE |
|--------------------------------|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

(1) Poner "CONCEDIDA", "PENDENTE" ou "DENEGADA", segundo corresponda.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data
, de de

